

O sistema solar e a Terra

O sistema solar e o Sol

O sistema solar está formado polo Sol e todos os astros que xiran arredor del. Estes astros son oito planetas, os satélites e outros pequenos corpos celestes.

O Sol é unha estrela. As estrelas son como bólas de lume xigantes que emiten continuamente luz e calor.

Vemos o Sol máis grande e brillante ca as demais estrelas porque está moito máis preto da Terra.

A vida na Terra non existiría sen o Sol.

Os planetas

Son corpos esféricos que xiran arredor do Sol. Cada planeta segue un camiño chamado órbita.

Os oito planetas clasifícanse en dous grupos:

Os planetas próximos ao Sol:

Mercurio, Venus, a Terra e Marte.

Están formados por rochas.

Os planetas afastados do Sol:

Xúpiter, Saturno, Urano e Neptuno.

Son máis grandes e están formados por gases.

A Terra e a Lúa

A Terra é o máis grande do grupo dos planetas próximos ao Sol. Ten forma de esfera, aínda que non é perfecta. Está un pouco achatada nos extremos, coñecidos como Polo Norte e Polo Sur.

A Lúa é o satélite da Terra. Os satélites son astros que xiran arredor dun planeta. A Lúa tamén ten forma esférica, pero é moito máis pequena ca a Terra. Non ten luz propia, pero vese tan brillante porque a ilumina o Sol.


A Lúa xira arredor da Terra e tarda 28 días en dar unha volta completa. Ao longo deses días varía a súa posición respecto á Terra e ao Sol. O Sol ilumina sempre a metade da Lúa, pero nós non vemos sempre esa metade.

Por iso, parece que vai cambiando.

As diferentes formas que presenta chámanse

fases lunares.

1- Enumera os planetas do Sistema Solar do máis próximo ao máis afastado do Sol.



2- Escribe en orde as fases da Lúa empezando pola Lúa nova.

